

## Normas para os autores

**Tarrellos** é una revista anual editada pola Federación Galega de Micología na que se publican artigos científicos e divulgativos sobre micología e outras temáticas relacionadas coa natureza, así como as actividades das distintas asociacións micolóxicas que forman parte da Federación.

Os autores que presenten artigos para publicar en **Tarrellos**, deben axustarse ás seguintes **normas específicas**:

1.- Os traballos serán orixinais, non publicados previamente, enviados á Federación Galega de Micología: [tarrellos@fgmicologia.org](mailto:tarrellos@fgmicologia.org)

2.- A aceptación dos traballos para a súa publicación dependerá do Consello de Redacción que os revisará, valorará e aceptará se o considera procedente. Contarase coa colaboración de expertos externos cualificados para a valoración e revisión dos traballos.

3.- O artigo entregarase nun arquivo en formato Word. As imaxes, táboas, diagramas e demais material complementario serán entregados en arquivos independentes, nunca inseridos no texto do artigo.

4.- O formato dos traballos será o seguinte:

- Idioma: Galego, español. (Outros idiomas consultar previamente).

- Páxina e texto: Páxinas formato A4, numeradas e con todas as marxes a 2,5 cm. Texto con letra Arial, tamaño 12 a espazado sinxelo. Tamaño 14 para os títulos. Por regra xeral o texto do artigo non deberá superar as 8 páxinas. (Consultar previamente para traballos máis extensos).

- Figuras, fotos ou ilustracións: Tamén numeradas seguindo a orde de aparición no texto e gardadas en arquivos aparte, en formato JPG ou TIFF. Como norma xeral o número de fotos non debería ser superior ao número de páxinas de texto. Todas as fotografías non orixinais deberán estar libres de dereitos de autor e respectar as licenzas Creative Commons.

- Estrutura:

- Título (Arial, 14 pt, negriña, minúsculas).

- Autor/a/as (Arial, 12 pt, minúsculas).

- Email de contacto (Arial, 12 pt, minúsculas).

- Dirección postal (opcional, Arial, 12 pt, minúsculas).

- Contido do artigo.

Ademais, nos artigos científico-técnicos, conterá:

- Resumo: No idioma do artigo e en inglés (Abstract), Arial 12 pt. minúsculas, máx. 100 caracteres, que dea una idea rápida do contido do traballo.
- Palabras clave: No idioma do artigo e en inglés (Keywords), Arial 12 pt. minúsculas, máx. 8 palabras clave.
- Todos os nomes científicos deberán ser citados no texto en cursiva, independentemente do rango ou categoría taxonómica.
- Bibliografía: Segundo as indicacións mostradas a continuación:

### **Citas no texto:**

Mediante a clave autor-data (apelido/s do autor, ano do documento).

Os autores dos traballos referenciados figurarán en maiúsculas.

Se é un só autor usarase o primeiro apelido seguido, entre paréntese, do ano de publicación da obra: BARAL (1992).

Se son 2 autores os apelidos irán unidos pola conxunción *et* na súa forma gráfica abreviada: "&". Exemplo: MONTECCHI & SARASINI (2000).

Se son máis de 2 autores irá o apelido do primeiro autor seguido de & *al.* (non *et al.*) Exemplo: (CARBONE & *al.*, 2012).

Se citamos varias obras á vez irán separadas por un punto e coma, ordenadas polo ano, e se este coincide, pola letra do primeiro autor. Exemplo: (BARAL, 1992; ABAD, 1998; ZURERA, 1998; MONTECCHI & SARASINI, 2000).

Se se citan varias obras dun mesmo autor sepárase o ano cunha coma e se son do mesmo engádese unha letra ao ano (a, b, c, etc.). Exemplo: (BON, 1995, 1996a, 1996b).

Dependendo de se se menciona ao autor ao redactar unha frase, de se se inclúe un texto literal (e por tanto se debe citar a páxina) ou se hai máis ou menos autores pódense dar varios casos.

### **Exemplos:**

Algúns autores destacan a tendencia termófila destas especies (SARNARI, 1998)... Con todo, KÜHNER & ROMAGNESI (1978) consideraban outros criterios...

"o nome deste taxón debe considerarse inválido", conclúe BALLESTEROS (1985: 151) no seu estudo., ou ben, o nome deste taxón debe considerarse inválido (BALLESTEROS, 1985: 151).

Neste estudo coincídese co indicado por outros autores (BARAL, 1992; MONTECCHI & SARASINI, 2000; CARBONE & *al.*, 2012).

Esta especie atopouse sempre baixo coníferas (ALONSO, 1995, 1996a, 1996b; BELLU, 2001).

### **Citas en bibliografía:**

Nomearase a todos os autores en maiúsculas, primeiro o apelido completo, logo una coma e a inicial do nome. Se son varios sepáranse con punto e coma. Despois do último autor indícase o ano e logo os títulos principais en cursiva se son de libros ou monografías e en redonda (salvo as palabras que vaian expresamente en cursiva) se son títulos de artigos de revistas. O nome da revista en cursiva. Para outros documentos ver exemplos.

Se o documento non ten responsables persoais, pode telo corporativo, e o seu primeiro elemento é entón unha entidade ou empresa. Se non hai máis remedio, sería o título.

A responsabilidade principal pode non ser autoría, senón outras que se indican detrás do nome: editor (ed.), revisor (rev.), coordinador (coord.), compilador (comp.), director (dir.), etc.

Se é posible, indicar os códigos ISBN (libros), ISSN (revistas) e DOI (documentos online). Se está dispoñible, o DOI é preferible á URL como localización na rede.

Escriba as referencias no idioma do documento, excepto as notas ou as interpolacións [...], respectando a súa ortografía (uso de maiúsculas, etc.).

As citas ordénanse alfabeticamente polo seu primeiro elemento (autores ou se non hai autores persoais, entidade ou título). Se o primeiro elemento é igual, ordénanse polo segundo, que é o ano.

Varias referencias cun primeiro elemento iniciado polo mesmo autor ordénanse: 1º) as que levan ao autor só, 2º) as que levan dúas, 3º) as que levan tres e así sucesivamente.

Varias referencias co mesmo primeiro elemento e ano de publicación ordénanse polo título e distínguense cunha letra consecutiva (a, b, c...) agregada ao ano: 2011a, 2011b, 2011c, etc.

### **Exemplos de citas en bibliografía:**

#### **Libro, monografía ou obra similar**

BON, M. 2005. *Guía de campo de los hongos de España y Europa*. Barcelona: Ediciones Omega. ISBN: 978-84-282-1336-3.

#### **Libro, monografía ou obra similar en liña**

ARROJO MARTÍN, E. (coord.). 2006. *Los hongos en Extremadura*. [en liña]. Badajoz: Junta de Extremadura. Consejería de Agricultura y Medio Ambiente. [Consulta: 15-06-2014]. ISBN: 84-690-1014-X. Dispoñible en:

<http://extremambiente.gobex.es/pdf/LibrodeHongos.pdf>

### **Parte dunha obra colectiva ou compilación**

BOBEK, P.; OZDÍN, L. 1994. Mechanism of the preventive effect of oyster mushroom (*Pleurotus ostreatus*) in the development of hypercholesterolemia and in cholesterol accumulation in liver in experimental animals fed a cholesterol diet. En: BENO, I. (ed.). *Nutrition and metabolism in health and diseases*. Bratislava: Goldpress publishers. ISBN: 8085584174.

### **Comunicación dun congreso, xornadas, etc.**

TAPIA UREÑA, L. 2007. La micología como herramienta de desarrollo rural. En: GONZÁLEZ PÉREZ, J.; SMITH, P. (coords.). *Mycology Workshop for beginners: Maó, Menorca, October 4-6, 2006*. Palma de Mallorca: Fundación Cultural Mediterránea, pp. 235-258. ISBN 978-84-6423-455.

AGUILERA MARTÍNEZ, M.J. 1999. Utilización del GPS para determinaciones altimétricas en estudios de biodiversidad. En: *Actas del XI Congreso internacional de ingeniería gráfica: Pamplona, 2, 3 y 4 junio*. Navarra: Secretaría del Congreso, pp. 47-58.

### **Artigo de revista**

CARBONE, M.; AGNELLO, C.; LAGRECA, S. 2012. *Plectania seaveri* (Ascomycota, Pezizales), a new discomycete from Bermuda. *Mycotaxon* 120, pp. 317-329. Disponible en: <https://doi.org/10.5248/120.317>

ŠUTARA, J. 2008. *Xerocomus* s. l. in the light of the present state of knowledge. *Czech. Mycol.* 60(1), pp. 29–62. ISSN 1211-0981

### **Artigo de revista en liña**

ALVARADO, P.; MORENO, G.; MANJÓN, J.L. 2012. Comparison between *Tuber gennadii* and *T. oligospermum* lineages reveals the existence of the new species *T. cistophilum* (Tuberaceae, Pezizales). *Mycologia* [en liña], 104 (4), pp. 894-910. [Consulta: 15-06-2014]. ISSN 0027-5514. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.3852/11-254>

### **Tese doutoral, traballo académico en liña**

LORENZO, P. 2006. *Basidiomicetos do Parque Natural do Monte Aloia, (Tui. Pontevedra). Taxonomía e ecoloxía* [en liña]. CASTRO CERCEDA, M.L. (dir). Tese de licenciatura: Universidade de Vigo [Consulta: 12-04-2015]. Disponible en: [http://sli.uvigo.es/CTG/fontes/AUGA/AUGA\\_799-805.pdf](http://sli.uvigo.es/CTG/fontes/AUGA/AUGA_799-805.pdf)

### **Páxina ou parte dun sitio web**

ASTURNATURA [sitio web]. 2018. *Quercus robur*, Roble común [Consulta el14-05-2018]. Disponible en: <https://www.asturnatura.com/especie/quercus-robur.html>

## Lexislación

ESPAÑA. MINISTERIO DA PRESIDENCIA. 2009. Real Decreto 30/2009, de 16 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias para a comercialización de cogomelos para uso alimentario. Boletín Oficial do Estado, 23 de xaneiro de 2009, 20, pp. 7861-7871.

GALICIA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR. 2014. Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñoso, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal. Diario Oficial de Galicia [en liña], 7 de maio de 2014, 86, pp. 22564-20658. Dispoñible en: [http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140507/AnuncioG0165-250414-0004\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140507/AnuncioG0165-250414-0004_gl.pdf)

5.- Novos taxóns, cambios e/ou novas combinacións nomenclaturais:

Aqueles taxóns que se describan como novos para a Ciencia deberán ir acompañados de:

- Unha breve diagnose en latín ou inglés, diferente da descrición completa.
- O seu correspondente estudo molecular e/ou filoxenético.
- A indicación dun herbario dispoñible e accesible onde se deposite o material tipo.

Así mesmo, os artigos que inclúan a descrición de novos taxóns e/ou cambios ou novas combinacións nomenclaturais, serán remitidos e revisados por asesores externos de recoñecido prestixio, que emitirán a súa valoración sobre os mesmos previamente a ser aceptados ou rexeitados polo Consello de Redacción.

6.- Prazo de recepción de artigos:

Os orixinais deberán enviarse **antes do 31 de maio** e aqueles que sexan aceptados publicaranse na revista do mesmo ano. Os que se reciban posteriormente publicaranse na revista do ano seguinte. Para a recepción das actividades das asociacións, a data límite é o **31 de xullo**.

A cada autor, unha vez finalizado o proceso editorial da revista, entregaránselle cinco (5) exemplares, que serán tres (3) en caso de ser varios autores para un mesmo traballo.

7.- Á parte das normas arriba especificadas, o Consello de Redacción ten potestade absoluta para decidir sobre calquera cuestión relativa ao proceso editorial da revista, utilizando os recursos ao seu alcance e da maneira que estime máis conveniente.